


Que tal? Con ganas de traballar? Seguro que estas propostas que vos teño preparadas non vos van costar ningún esforzo.

Xa sabedes que o 17 de Maio celébrase o Día das Letras galegas para homenaxear a aquelas persoas que destacaron pola defensa da lingua galega. Nós en música imos facer a nosa pequena homenaxe traballando instrumentos populares galegos.

1º-2º PRIMARIA

Instrumentos populares galegos: “A Gaita”

A gaita non é un instrumento de percusión como os que coñecemos: triángulo, caixa china.... porque non teño que golpeala, é da familia de vento como a trompeta, a flauta..... porque teño que soplar para que soe. Ten coma un saco de coiro que é o que se chama “FOL” e que o músico ten que encher soprando por un tubo chamado “SOPRETE”. Ó apretar este saco co brazo, fai que o aire saia expulsado por outros tubos. Un dos tubos ten uns buratos que tapándoo ou non, fai que a gaita produza diferentes sons, é o “PUNTEIRO”. Hai outro tubo, o “RONCO”, ou “RONCÓN”, que fai un son contínuo e moi grave. Estas son algunhas das partes da gaita:



Intenta tí agora poñerlle o nome as diferentes partes. Non é necesario que imprimas podes intentar debuxar unha gaita tí ou simplemente escribir as partes na libreta na que estás facendo todo o de música.



Nesta dirección, podes ver unha gaiteira moi famosa que visitou o noso cole.....SUSANA SEIVANE!!!!. Fíxate ben..... coñeces algún outro instrumento que esté tocando con ela???? Saberías dicir de que familia son?

https://www.youtube.com/watch?v=tgofY_FH16Y